

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES BRIÓN
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 15/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Contexto no que se desenvolven os contidos do currículo	Contidos sintáctico-discursivo (Bloque 5)	Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe (Bloques 1-5)	Criterios de Avaliación	Comp. Clave
1.Os sentidos	<i>Present, past and future verb forms adjective suffixes word stress expressions for reports phonetics; sounds and symbols</i>	B1: Entende un programa de radio sobre o olfacto. B2: É capaz de falar dos sentidos, de describir fotos. B3: Entende un texto sobre os sentidos. Identifica o tema de cada párrafo. B4: Pode redactar un informe empregando as expresións e nexos apropiados.	Comprender textos orais e escritos sobre o tema. Falar de sentidos, describir unha foto. Redactar un informe.	CCL CD CAA CSC CCEC
2.Culturas do Mundo	<i>Relative clauses, pronouns and prepositions, compound nouns, links; reason and result pronunciation; vowels phonetics; sounds and symbols</i>	B1: Entende unha entrevista sobre linguas, culturas e pensamento. B2: É capaz de falar de festivais e culturas. B3: Entende un texto sobre tradicións. B4: É capaz de producir unha redacción de opinión sobre linguas e culturas empregando as expresións e nexos apropiados.	Comprender textos orais e escritos sobre o tema. Falar de cultura e linguas. Redactar opinión.	CCL CD CAA CSC CCEC
3.A Xustiza	<i>Modal verbs, modal perfects, noun suffixes, pronunciation; vowels, links; addition and contrast phonetics; sounds and symbols</i>	B1: Entende un debate sobre medidas de seguridade. Entende frases feitas/expresións idiomáticas. B2: É capaz de falar de normas, leis e participar nun debate. B3: Entende un texto sobre dereitos e investigación policial. B4: É capaz de producir unha redacción tipo "for and against" empregando as expresións e nexos apropiados.	Comprender textos orais e escritos sobre o tema. Falar de normas, debater. Redactar opinións contrastadas; "for and against"	CCL CD CAA CSC CCEC
4.A Moda	<i>Passive, causative, adjective + prep adjective order, sentence stress phonetics;</i>	B1: Entende falar de moda e imaxe. B2: É capaz de facer unha presentación sobre un artigo de roupa especial asociado con	Comprender textos orais e escritos sobre o tema. Facer unha	CCL CD CAA CSC CCEC

	<i>sounds and symbols</i>	recordos do pasado. B3: Entende un texto sobre imaxe e publicidade. B4: É capaz de producir un texto sobre un persoaxe admirado, empregando as estruturas, expresións e nexos apropiados.	presentación Redactar sobre unha persoa.	
5.A Ética	<i>Conditionals, negative prefixes, formal language, prefixes and word stress phonetics; sounds and symbols</i>	B1: Entende unha presentación sobre dilemas morais e unha valoración persoal de unha persoa. B2: É capaz de falar de cuestións éticas en relación con unha foto. B3: Entende un texto sobre a mentira. B4: É capaz de producir unha carta/email formal de denuncia/queja, empregando as estruturas, expresións e nexos apropiados.	Comprender textos orais e escritos sobre o tema. Falar de ética. Redactar unha carta/correo formal de denuncia.	CCL CD CAA CSC CCEC
6.A Alimentación	<i>Reported speech, ing/to inf, adverbs of degree, word stress phonetics; sounds and symbols</i>	B1: Entende falar de comida, restaurantes, cartas, menus e un programa de radio sobre o desayuno. B2: É capaz de falar de hábitos alimentarios e interpretar unha foto. B3: Entende un texto sobre a obesidade e a industria alimentaria. B4: É capaz de producir un email informal a un estudante de intercambio sobre comidas, empregando as estruturas, expresións e nexos apropiados.	Comprender textos orais e escritos sobre o tema. Falar de alimentación, interpretar fotografías. Redactar un correo informal.	CCL CD CAA CSC CCEC
7.A Sociedade	<i>Verb + prep, silent letters phonetics; sounds and symbols,</i>	B1: Entende falar de activismo e internet. B2: É capaz de falar de sociedade e tecnoloxía, de sociedade e ser diferente. B3: Entende un texto sobre comunicación. B4: É capaz de producir unha redacción sobre temas sociais, empregando as estruturas, expresións e nexos apropiados.	Comprender textos orais e escritos sobre o tema. Expresar ideas sobre sociedade e tecnoloxía. Parafrasear. Redactar sobre temas sociais.	CCL CD CAA CSC CCEC

		Pode completar un texto (gap fill) e parafrasear (transformations)		
8.Preparación probas ABAU	<i>Phonetic alphabet</i>	<p>É capaz de asociar sons e símbolos fonéticos.</p> <p>B3: Comprende textos escritos, utilizando as estratexias empregadas ao longo do curso. É capaz de contestar “true/false” e aislar as palabras do texto que o xustifican. É capaz de substituír unha palabra sinónima nun contexto.</p> <p>B4: É capaz de resumir a mensaxe global dun texto en aprox 50 palabras.</p> <p>É capaz de reproducir o sentido dun anuncio cambiando a expresión / as estruturas.</p> <p>Pode producir un texto correctamente estruturado e redactado de aprox 120 palabras, utilizando as estratexias practicadas ao longo do curso.</p>	<p>Asociar sons e símbolos fonéticos.</p> <p>Comprender textos escritos e orais.</p> <p>Redactar de forma coherente, correcto e estruturado.</p>	

* Só en caso de ampliación ou en caso de terse impartido antes do confinamento.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Valoración do interese, esforzo, superación e recuperación do alumnado; de que o traballo entregado sexa propio, feito polo alumno; de que se entregue en tempo e forma; e de que mostre un nivel de elaboración conforme aos estándares de aprendizaxe.</p>
	<p>Instrumentos: Registro e valoración do conxunto do traballo feito polo alumno, tendo en conta a situación e as condicións de traballo do alumno nestas circunstancias. No caso de haber clases virtuais, valorarase a asistencia ás mesmas. Poderase complementar o conxunto do traballo coa realización dunha proba (en formato telemático ou presencial segundo as circunstancias o permitan).</p>
Cualificación final	<p>Haberá unha avaliación contínua e global do traballo feito polos alumnos a distancia, correspondente ao 3º trimestre. Esa valoración pode mellorar a nota acadada polos alumnos na 2ª avaliación que se toma como referencia, (posto que xa se ve reflectida, no seu caso, a recuperación da 1ª avaliación, tal como ven recollido na Programación do Departamento) pero nunca perxudicar ao alumno, como dictan as instrucións publicadas. As actividades de recuperación, reforzo, repaso ou ampliación do 3º trimestre teranse en conta para subir a nota da cualificación obtida na 2ª avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Proba de comprensión e expresión escrita: 100% da nota</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación: Ante a excepcionalidade desta situación e considerando que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - os alumnos cunha materia pendente adoitan ter dificultades de estudo (que aumentan co traballo a distancia) - o inglés é unha materia progresiva - o exame de pendentes de febreiro tiña calidade de exame final - é imposible nestas circunstancias realizar unha proba segundo os criterios esenciais de competencia en comprensión e expresión <p>O departamento adoptará unha serie de modificacións tamén excepcionais nos criterios de cualificación, acadando as instrucións da Xunta do 27 de abril instando a axudar aos alumnos a recuperar.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Alumnos aprobados na convocatoria de febreiro: Os alumnos que acadaron unha nota mínima de 5 na convocatoria de recuperación de materias pendentes de febreiro teñen, como xa saben, a pendente aprobada coa nota correspondente.</p> <p>Alumnos cunha cualificación inferior a 5 na convocatoria de febreiro: No caso dos alumnos con avaliación inferior a 5 na convocatoria de materias pendentes en febreiro, tomarase en consideración a nota obtida na 2ª avaliación no curso actual para a avaliación do curso inferior pendente, entendendo que un mínimo de 3 nunha materia progresiva é mostra suficiente de ter superados os</p>

	<p>estándares mínimos de aprendizaxe do curso de nivel inferior.</p> <p>Para determinar a nota da materia pendente, téñense en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) unha proba escrita de comprensión e expresión escrita (90%) b) a avaliación continua no curso actual (10%)
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aos alumnos que acadaron unha nota mínima de 3 na 2ª Avaliación do curso actual apróbaselle a pendente do curso anterior. 2. Os alumnos co inglés pendente que acadaron unha nota inferior a 5 no exame final de pendedes de febrero e unha nota inferior a 3 na 2ª avaliación do curso actual serán avaliados da seguinte maneira: <ul style="list-style-type: none"> ● na parte que corresponde á proba escrita, segundo os criterios de cualificación publicados na programación en función do traballo realizado a distancia no 3º trimestre. ● na parte de avaliación continua tomarase en conta o traballo continuado de recuperación dos dous primeiros trimestres.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Indicar, propoñer, enviar polas plataformas e vías elixidas e comunicadas na páxina web do Centro traballos e actividades que lles permitan aos alumnos manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, orientados a repaso, reforzo, recuperación e no caso de ser importante para o progreso do alumno de cara ao curso seguinte, e no caso dos alumnos con bó nivel de competencia, ampliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>O alumnado con conectividade recibirá periódicamente a través da plataforma que usen habitualmente as actividades propostas. Deberán entregar, para a súa corrección, as actividades resoltas no prazo establecido.</p> <p>Ao alumnado sen conectividade enviaránselle as actividades por escrito para que as vaia devolvendo resoltas para a súa corrección.</p> <p>Tendo en conta as dificultades que supón o traballo a distancia, a carga de traballo non será excesiva e os prazos de cumprimento e entrega serán amplos.</p>
Materiais e recursos	Fichas explicativas, fichas de exercicios, videotitorias, videoconferencias, etc. Ademais dos recursos e materiais que se lle proporcionaron durante o curso.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado dos procedementos de avaliación a través do correo electrónico, a Aula Virtual do departamento ou das plataformas que habitualmente usen para as clases.
Publicidade	Esta modificación da programación publicaráse na páxina web do Centro, no Departamento de Inglés.